



## INSTRUCCIÓN 1/2023, DE MEDIDAS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE NAS OBRAS DESENVOLVIDAS POLA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

O 1 de febreiro de 2016 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou a Orde Circular 1/2016, de medidas de Información e publicidade nas obras desenvolvidas pola Axencia Galega de Infraestruturas.

Esta orde establecía as directrices relativas ás medidas de información e publicidade esixidas en todas as obras desenvoltas por esta Axencia e, en especial, naquelas que fosen cofinanciadas con fondos estruturais desenvoltos no Programa Operativo FEDER 2014-2020.

A piques de finalizar o antedito programa operativo, o novo marco de financiamento europeo desenvólvese a través do Programa Operativo FEDER 2021-2027 e dos Fondos do instrumento de recuperación Next Generation EU, que ten como instrumento principal o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR). Co obxectivo de adaptarse aos novos marcos de financiamento europeo e aos vindeiros, así como aos criterios de imaxe corporativa da Consellería competente en materia de infraestruturas, resulta necesario actualizar as medidas de publicidade.

Á vista de todo o exposto, dispónse:

**Primeiro.-** Aprobar a Instrución de medidas de información e publicidade nas obras desenvolvidas pola Axencia Galega de Infraestruturas que se xunta como anexo, deixando sen efecto a Orde Circular 1/2016 dende a súa entrada en vigor.

**Segundo.-** Esta Instrución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa sinatura.

**Terceiro.-** Todas as obras, incluídas as que se atopan en fase de execución ou pendentes do inicio dos traballos, deberán adaptarse á presente Instrución, sen prexuízo de que aquelas medidas de publicidade e información instaladas antes da entrada en vigor da presente Instrución poderán ser mantidas sen necesidade de proceder á súa substitución ou modificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias





## ANEXO

### INSTRUCCIÓN RELATIVA ÁS MEDIDAS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE NAS OBRAS DESENVOLVIDAS POLA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

#### **1.- MARCO XERAL**

Mediante o presente documento estableceranse as directrices relativas ás medidas de información e publicidade esixidas en todas as obras que desenvolva esta Axencia e, en especial, naquelas que sexan cofinanciadas con Fondos Estruturais Europeos.

En función da orixe dos fondos cos que se financian as obras e os instrumentos de colaboración con outras entidades ou administracións, pódese establecer a seguinte clasificación de tipos de obras aos efectos das medidas de publicidade:

- Obras de carácter xeral
- Obras cofinanciadas con fondos FEDER
- Obras cofinanciadas con fondos do MRR

Así mesmo, cómpre destacar que nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación das obras, no punto correspondente á "Sinalización de obras" estipúlase que o contratista, a cargo do orzamento de adxudicación da obra, situará nesta os carteis de acordo coas instrucións do órgano de contratación e atendendo ás características da obra. A devandita obriga recóllese novamente na cláusula dos "Gastos esixibles ao contratista", onde tamén se amplían os medios de difusión, en caso de considerarse necesarios, sempre que os gastos do conxunto de todos eles non superen o un por cento (1%) do presuposto base de licitación.

Ademais, as obrigas de información e publicidade comunitarias para as actuacións cofinanciadas polos fondos estruturais veñen establecidas no Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, modificado polo Regulamento (UE; Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, e o Regulamento de execución (UE) Nº 821/2014.

En concreto, o anexo XII ao que fai referencia o artigo 115, apartado 4, do primeiros dos regulamentos citados, establece:

"4. Durante a execución de toda operación de financiación de obras de infraestrutura ou construción que se beneficie de una axuda do FEDER ou do Fondo de Cohesión superior a 500.000 €, o beneficiario colocará un cartel temporal de tamaño significativo nun lugar ben visible para o público.





5. O beneficiario colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente de tamaño significativo nun prazo de tres meses a partir da conclusión dunha operación que reúna as características seguintes:

- a) a contribución pública total á operación supera os 500.000 €;
- b) a operación consiste na compra dun obxecto físico, na financiación dunha infraestrutura ou en traballos de construción.

O cartel ou a placa indicarán o nome e o obxectivo principal da operación. Prepararanse de acordo coas características técnicas adoptadas pola Comisión de conformidade co artigo 115, apartado 4.”

Pola súa banda, o capítulo 2 do regulamento de execución mencionado anteriormente recolle:

“Artigo 4 Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo ou aos Fondos que dan apoio á operación

1. O emblema da Unión ao que se fai referencia no anexo XII, sección 2.2, punto 1, letra a), do Regulamento (UE) 1303/2013 deberá figurar en color nos sitios web. En todos os demais medios de comunicación, utilizarase a cor sempre que sexa posible; poderá utilizarse unha versión monocroma unicamente en casos xustificados.

2. O emblema da Unión será sempre claramente visible e ocupará un lugar destacado. A súa posición e tamaño serán os adecuados á escala do material ou documento utilizados. En pequenos artigos de promoción non será obrigatorio facer referencia ao Fondo.

3. Cando o emblema da Unión e a referencia á Unión e ao Fondo correspondente se presenten nun sitio web:

- a) o emblema da Unión e a referencia á Unión serán visibles ao chegar ao devandito sitio web, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina;
- b) a referencia ao Fondo en cuestión deberá figurar de forma visible no mesmo sitio web.

4. O nome «Unión Europea» sempre aparecerá sen abreviar. O nome dun instrumento financeiro deberá incluír unha referencia ao feito de que conta co apoio dos Fondos EIE. O tipo de letra que debe utilizarse xunto co emblema da Unión pode ser calquera das seguintes familias: arial, auto, calibre, garamond, trebuchet, tahoma, verdana o ubuntu. Non se utilizará a cursiva, o subliñado nin outros efectos. En relación co emblema da Unión, o texto compoñeráse de maneira que non interfira en modo algún co devandito emblema. O corpo do tipo utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema. A cor do tipo será azul réflex, negro ou branco, en función do contexto.

5. Se se exhiben outros logotipos, ademais do emblema da Unión, este terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura e anchura, que o maior dos demais logotipos.



Artigo 5 Características técnicas das placas fixas e os carteis publicitarios temporais ou permanentes.

1. O nome da operación, o principal obxectivo desta e o emblema da Unión, xunto con unha referencia á Unión e a referencia ao Fondo ou Fondos han de figurar no cartel temporal ao que se refire o anexo XII, sección 2.2, punto 4, do Regulamento (UE) 1303/2013 e ocupar polo menos o 25 % do cartel.

2. O nome da operación e o principal obxectivo da actividade apoiada por aquela, e o emblema da Unión, xunto con unha referencia á Unión e a referencia ao Fondo ou Fondos que han de figurar na placa ou cartel permanentes ao que se refire o punto 5 da sección 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) no 1303/2013 ocupará polo menos o 25 % de dita placa ou cartel.”

Nos pregos de cláusulas administrativas particulares que acompañan ao contrato de cada obra, recóllese o nome da operación así como o obxectivo principal da actividade. Esta Axencia desenvolve, dentro do Programa Operativo, os obxectivos temáticos que se recollen a continuación, xunto co seu respectivo lema, que se incluírá nas medidas de publicidade:

Obxectivo temático	Lema do obxectivo
FEDER. O.E. REACT-UE 4	<b>Apoiar a transición cara a unha economía verde</b>
FEDER. O.E. REACT-UE 2	<b>Apoiar a transición cara a unha economía dixital</b>
OT 4	<b>Conseguir unha economía máis limpa e sustentable</b>
OT 3	<b>Conseguir un tecido empresarial máis competitivo</b>

**Táboa 1.** Obxectivos temáticos e lemas

O obxectivo temático que lle corresponda a cada actuación, vén indicado no cadro de características do respectivo contrato. No caso de que a actuación non se inclúa nalgún dos obxectivos temáticos recollidos na Táboa 1, consultarase o lema do devandito obxectivo na Guía de comunicación do Programa Operativo.

Por último, o Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia, establece no seu artigo 2 que a administración xeral e o sector público autonómico de Galicia axustaranse ao previsto nas normas que establece, no concerner, por un lado, á elaboración e emisión de documentos, modelos normalizados e





material impreso e, por outro, ás informacións, publicacións, comunicacións ou calquera expresión en todo tipo de soportes, incluídos os medios electrónicos e/ou dixitais e audiovisuais, así como os carteis ou as sinalizacións que elaboren ou utilicen, segundo as prescricións do manual básico que se recollen no anexo do dito Decreto.

A continuación recóllense as medidas de publicidade e información que, de forma xenérica, terán que cumprirse, sen prexuízo de que estas poidan ser ampliadas mediante outros medios cando así se considere oportuno en cada caso particular.

## **2.- MEDIOS DE PUBLICIDADE**

Os medios de publicidade que se colocarán nas obras dirixidas dende a AXI, de forma xeral e obrigada, serán o CARTEL DE OBRA, presente durante a fase de execución de obras, e a PLACA EXPLICATIVA, nos casos de obras con financiamento mediante fondos europeos, que permanecerá durante a súa fase de servizo. Ademais, empregaranse outros elementos de publicidade, que se desenvolven neste punto.

Terase en conta que todos os elementos guiaranse pola identidade corporativa da Xunta de Galicia, recentemente aprobada e publicada: [www.xunta.gal/identidade-corporativa](http://www.xunta.gal/identidade-corporativa)

A identidade corporativa debe estar presente de modo máis intenso nas actuacións que a Xunta de Galicia execute na xeografía galega, poñendo en valor o investimento público que se realiza. De acordo con isto, para obras de especial importancia, ben polo importe do seu investimento (superiores a 5.000.000 € de Orzamento Base de Licitación + IVE) ou ben pola súa especial significación ou presenza urbana (a criterio da Dirección dos centros directivos e sempre de importe superior a 1.000.000 € de Orzamento Base de Licitación +IVE), no período entre a sinatura de cada contrato de obras e a comprobación da implantación, cada dirección de obra deberá remitir á Dirección da AXI unha proposta de identidade corporativa da obra, que inclúa a programación de toma de imaxes e vídeos ao longo da execución das obras. No que respecta ás actuacións en fase de proxecto, seguirase o mesmo procedemento e, mentres estes estean en fase de redacción, deberán prepararse infografías e vídeos sobre eles de acordo cos pregos e outros documentos que sirvan de base á licitación.

### **2.1- CARTEL DE OBRA**

Colocaranse carteis informativos en todas as obras, unha vez que se adxudique o contrato respectivo e previamente ao inicio material dos traballos.

En canto ao número de carteis e a situación dos mesmos, estarase ás indicacións da dirección das obras. En todo caso, colocaranse dous carteis (un no inicio do treito da actuación e outro ao final),





salvo que se trate de actuacións puntuais nas que só se colocará un cartel, de xeito que sexan perfectamente visibles dende os tramos de estrada en servizo próximos.

En obras de edificación, os carteis colocaranse nas proximidades da localización da obra, na parte exterior do recinto valado.

No Anexo I do presente documento recóllense as características, deseño, contido e dimensións dos carteis, en función do tipo de obra do que se trate, segundo se definiron no apartado anterior, aos que se deberán axustar de maneira estrita.

Os carteis deberán permanecer instalados durante todo o período de execución da obra. Na primeira certificación de obra incluíranse fotografías que acrediten a colocación dos carteis.

Todos os emblemas (empresas construtora, concellos, etc.) distintos aos da Xunta de Galicia e ao da Unión Europea que se inclúan deberán ter, como máximo, unha altura do 60% destes.

Para obras de especial importancia, ben polo importe do seu investimento (superiores a 5.000.000 € de Orzamento Base de Licitación + IVE) ou ben pola súa especial significación ou presenza urbana (a criterio da Dirección dos centros directivos e sempre de importe superior a 1.000.000 € de Orzamento Base de Licitación +IVE), complementarase cun cartel coa única mensaxe "Xunta de Galicia", de acordo co seguinte deseño:



Este cartel terá a mesma altura que o cartel de obra convencional, e manterá a proporción desta imaxe na dimensión horizontal. No Anexo I do presente documento, detállanse as dimensións deste cartel.





En todo caso, este cartel complementario coa imaxe única da Xunta de Galicia colocárase sempre ao carón dos carteis propios que, no seu caso, instale a empresa adxudicataria ao longo da actuación.

## 2.2.- PLACA EXPLICATIVA

En todas as obras cofinanciadas con Fondos Estruturais Europeos, e unicamente nestas, tal e como se estipula no Regulamento (UE) N° 1303/2013, colocárase unha placa permanente de tamaño significativo, nun prazo máximo de tres meses dende que finalicen as obras.

En canto ao número de placas explicativas e a situación das mesmas, estarase ás indicacións da dirección das obras. En todo caso, colocárase unha placa de metacrilato que sexa perfectamente visible para os usuarios da vía, en localizacións tales como pode ser en muros, pilas dunha estrutura, nun monolito construído ex profeso, etc. En caso de actuacións en zonas urbanas, a placa poderá tamén ser montada sobre dous postes galvanizados, de forma que a parte superior da placa se sitúe a dous (2) metros sobre o nivel do chan. Nas obras de edificación, a placa explicativa situarase en puntos perfectamente visibles para as persoas usuarias da construción rematada, como poden ser os vestíbulo, as entradas ou as zonas de información.

As características, deseño, contido e dimensións das placas serán as recollidas no Anexo II do presente documento, ao que se deberán axustar estritamente.

Coa finalidade de acreditar a colocación da placa explicativa, a certificación final incluírá fotos da súa instalación.

Todos os emblemas (empresas construtora, concellos, etc.) distintos aos da Xunta de Galicia e ao da Unión Europea que se inclúan deberán ter, como máximo, unha altura do 60% destes.

## 2.3.- OUTROS ELEMENTOS DE PUBLICIDADE

Ademais do cartel de obra e da placa explicativa, nas obras executadas pola AXI empregaranse os elementos de publicidade recollidos neste apartado.

### 1. CINTAS DE BALIZAMENTO:

En todas as obras executadas pola Axencia Galega de Infraestruturas, así como nos contratos de conservación ordinaria, empregaranse cintas de balizamento, de 8cm de anchura, de acordo cos seguintes deseños:





## 2. VALOS DE OBRA:

No caso de que sexa necesaria a instalación de valado permanente de delimitación da obra, estes elementos cubriranse con lonas serigrafiadas no perímetro que sexa visible dende o exterior. O lema será: "A XUNTA CON [NOME DO CONCELLO]". Alternaranse tres motivos: o logo da Xunta sobre fondo azul, unha infografía co título da actuación ou cunha frase significativa (obras sanitarias, Camiños de Santiago, sendas de Galicia, etc.) xunto ao lema "A XUNTA CON [NOME DO CONCELLO]".

Exemplo de configuración actual:



## 3. LONAS:

Cando sexa necesario instalar unha lona para a cubrición dunha edificación ou dun andamio, esta será serigrafiada; tamén se instalará unha lona nos edificios existentes en caso de tratarse de ampliacións.

As lonas deseñaranse especificamente en cada contrato de obra. Un exemplo de deseño será:







#### 4. CARTEIS EN VIGAS DE PASOS SUPERIORES:

En estradas de nova execución nas que se executen pasos superiores de vigas, deberá colocarse un indicativo da Xunta de Galicia. Este elemento disporase en paralelo ao eixo da viga. O seu tamaño será de 1,50 m x 0,75 m.

O deseño deste elemento será o seguinte:






## ANEXO I: MODELOS DE CARTEIS DE OBRA






## Obra Xeral




## Dimensións


Medidas en Centímetros




Dimensión para Investimento  
Inferior a 1 millón de Euros  
a = 17,95 cm  
Texto título: 2/3 texto Xunta  
Texto datos: 1/2 texto título



Dimensión para Investimento  
entre 1 e 3 millóns de Euros  
a = 23,95 cm  
Texto título: 2/3 texto Xunta  
Texto datos: 1/2 texto título



Dimensión para Investimento  
entre 3 e 5 millóns de Euros  
a = 32,05 cm  
Texto título: 2/3 texto Xunta  
Texto datos: 1/2 texto título



Dimensión para Investimento  
Superior a 5 millóns de Euros  
a = 39,75 cm  
Texto título: 2/3 texto Xunta  
Texto datos: 1/2 texto título

## Material e Cores

### Material

Lamas de Chapa de Aceiro Galvanizado de e= 1,2 mm con 17,50 cm de Altura.

Para obras de investimento inferior a 50.000 Euros non é preciso que sexa de aceiro galvanizado.

### Cores

Ref. cor corporativa Xunta de Galicia: - pantone 7461 C / RGB 0,123,196

Ref. cor logo Xacobeo:

- branco, pantone white / RGB 255,255,255

O espazo para os logos de carácter corporativo poderá ocuparse, no seu caso, coas marcas deste tipo que se requiran (logo Galicia, logo Xacobeo, etc.).

### Instrucións cartel

Altura do logo da construtora = Máximo 60% da altura do logo Xunta





## Obra cofinanciada con fondos FEDER

**XUNTA DE GALICIA**

**TÍTULO ACTUACIÓN XUNTA SANS MÁXIMO 2 LIÑAS**

Clave: XX/XX/XXX.XX  
Centro Directivo: Axencia Galega de Infraestruturas  
Constrúe:  
Orzamento:

**UNIÓN EUROPEA**

**Lema do Obxectivo Temático correspondente**  
(ver instrucións)


Operación cofinanciada a través do Fondo Europeo De Desenvolvemento Rexional (FEDER) como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19 (engadir no caso de fondos REACT-UE)

*Unha maneira de facer Europa*

(LOGO CONSTRUTORA) (LOGOS DE CARÁCTER CORPORATIVO)

### Dimensións

Medidas en Centímetros



### Material e Cores

#### Material

Lamas de Chapa de Aceiro Galvanizado de e= 1,2 mm con 17,50 cm de Altura.

Para obras de investimento inferior a 50.000 Euros non é preciso que sexa de aceiro galvanizado.

#### Cores

Ref. cor corporativa Xunta de Galicia: - pantone 7461 C / RGB 0,123,196

Ref. cor logo UE: - rectángulo, pantone reflex blue / RGB 0,51,153

Ref. cor logo Xacobeo:

- branco, pantone white / RGB 255,255,255

O espazo para os logos de carácter corporativo poderá ocuparse, no seu caso, coas marcas deste tipo que se requiran (logo Galicia, logo Xacobeo, etc.).

#### Instrucións cartel

Altura do logo da Xunta = Altura logo UE

Altura do logo da construtora = Máximo 60% da altura do logo Xunta

O lema de cada Obxectivo Temático pode consultarse na Táboa 1 da presente instrución ou na Guía do Programa Operativo.





## Obra cofinanciada con fondos do MRR

**XUNTA DE GALICIA**

Financiado pola Unión Europea  
NextGenerationEU

**TÍTULO ACTUACIÓN XUNTA SANS MÁXIMO 2 LIÑAS**

Clave: XX/XX/XXX.XX  
Centro Directivo: Axencia Galega de Infraestruturas  
Constrúe:  
Orzamento:


(LOGO CONSTRUTORA) (LOGOS DE CARÁCTER CORPORATIVO)

**Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia**


MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA

### Dimensións


Medidas en Centímetros




Dimensión para Investimento Inferior a 1 millón de Euros  
a = 17,95 cm  
Texto título: 2/3 texto Xunta  
Texto datos: 1/2 texto título



Dimensión para Investimento entre 1 e 3 millóns de Euros  
a = 23,95 cm  
Texto título: 2/3 texto Xunta  
Texto datos: 1/2 texto título



Dimensión para Investimento entre 3 e 5 millóns de Euros  
a = 32,05 cm  
Texto título: 2/3 texto Xunta  
Texto datos: 1/2 texto título



Dimensión para Investimento Superior a 5 millóns de Euros  
a = 39,75 cm  
Texto título: 2/3 texto Xunta  
Texto datos: 1/2 texto título

### Material e Cores

#### Material

Lamas de Chapa de Aceiro Galvanizado de e= 1,2 mm con 17,50 cm de Altura.

Para obras de investimento inferior a 50.000 Euros non é preciso que sexa de aceiro galvanizado.

#### Cores

Ref. cor corporativa Xunta de Galicia: - pantone 7461 C / RGB 0,123,196

Ref. cor logo UE: - rectángulo, pantone reflex blue / RGB 0,51,153

Ref. cor logo Xacobeo, MRR e Ministerio:

- branco, pantone white / RGB 255,255,255

O espazo para os logos de carácter corporativo poderá ocuparse, no seu caso, coas marcas deste tipo que se requiran (logo Galicia, logo Xacobeo, etc.).

#### Instrucións cartel

Altura do logo da Xunta = Altura logo UE = Altura logo MRR = Altura logo Ministerio

Altura do logo da construtora = Máximo 60% da altura do logo Xunta.






## Modelo de cartel Xunta




## Dimensións


Medidas en Centímetros




Dimensión para Investimento  
Inferior a 1 millón de Euros  
e obras das delegacións  
x = 31,4 cm



Dimensión para Investimento  
entre 1 e 3 millóns de Euros  
x = 41,8 cm



Dimensión para Investimento  
entre 3 e 5 millóns de Euros  
x = 56,0 cm



Dimensión para Investimento  
Superior a 5 millóns de Euros  
x = 69,5 cm

## Material e Cores

### Material

Lamas de Chapa de Aceiro Galvanizado de e= 1,2 mm con 17,50 cm de Altura.

Para obras de investimento inferior a 50.000 Euros non é preciso que sexa de aceiro galvanizado.

### Cores

Ref. cor corporativa Xunta de Galicia: - pantone 7461 C / RGB 0,123,196

Ref. cor logo Xunta: - branco, pantone white / RGB 255,255,255





## ANEXO II: PLACAS EXPLICATIVAS





## Placa explicativa permanente para obra cofinanciada con fondos FEDER

**XUNTA DE GALICIA**

**UNIÓN EUROPEA**

**Lema do Obxectivo Temático correspondente (ver instrucións)**

Operación cofinanciada a través do Fondo Europeo De Desenvolvemento Rexional (FEDER) como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19 (engadir no caso de fondos REACT-UE)

**PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 202X-202X**


*Unha maneira de facer Europa*

TÍTULO ACTUACIÓN XUNTA SANS MÁXIMO 2 LIÑAS

(LOGOS DE CARÁCTER CORPORATIVO)

## Dimensións, materiais e cores

### Dimensións



$a = 6,85 \text{ cm}$   
Texto título: 2/3 texto Xunta

### Material

A placa será de metacrilato. Para a súa disposición terase en conta o recollido na presente instrución.

### Cores

Ref. cor corporativa Xunta de Galicia: - pantone 7461 C / RGB 0,123,196

Ref. cor logo UE: - rectángulo, pantone reflex blue / RGB 0,51,153

Ref. cor logo Xacobeo:

- branco, pantone white / RGB 255,255,255

O espazo para os logos de carácter corporativo poderá ocuparse, no seu caso, coas marcas deste tipo que se requiran (logo Galicia, logo Xacobeo, etc.).

### Instrucións da placa

Altura do logo da Xunta = Altura logo UE

O lema de cada Obxectivo Temático pode consultarse na Táboa 1 da presente instrución ou na Guía do Programa Operativo.








## Placa explicativa permanente para obra cofinanciada con fondos do MRR



## Dimensións, materiais e cores

### Dimensións



$a = 6,85 \text{ cm}$   
Texto título:  $2/3$  texto Xunta

### Material

A placa será de metacrilato. Para a súa disposición terase en conta o recollido na presente instrución.

### Cores

Ref. cor corporativa Xunta de Galicia: - pantone 7461 C / RGB 0,123,196

Ref. cor logo UE: - rectángulo, pantone reflex blue / RGB 0,51,153

Ref. cor logo Xacobeo, MRR e Ministerio:

- branco, pantone white / RGB 255,255,255

O espazo para os logos de carácter corporativo poderá ocuparse, no seu caso, coas marcas deste tipo que se requiran (logo Galicia, logo Xacobeo, etc.).

### Instrucións da placa

Altura do logo da Xunta = Altura do logo UE = Altura do logo MRR = Altura do logo Ministerio

